

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día trinta de setembro de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. Alcaldesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VERA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto o secretario xeral accidental, don Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS EN DATAS 27.05.2021, 29.06.2021 E 29.07.2021.

De conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP Nº 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións celebradas en datas vinte e sete de maio de dous mil vinte e un, vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un e vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, das que se remitiu copia coa convocatoria desta sesión.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere aproveitar para comentar que na derradeira xunta de voceiros non se aceptou incluír na orde do día do vindeiro pleno unha moción do BNG relativa a unha circunvalación en Castro-Laxe e presentaron un recurso de reposición do que non tiveron resposta polo que pregunta se agora, sobre a marcha, se podería acordar rectificar a orde do día e incluír a proposta do BNG.

Responde a Sra. Pombo Carril, alcaldesa-presidenta en funcións, e di que os asuntos que se inclúen na orde do día do Pleno decídense pola Alcaldía e que no momento da xunta de voceiros houbo unha información verbal do secretario xeral accidental, que despois se plasmou por escrito, dicindo que a moción que presentaba o grupo político do BNG non era propiamente unha moción senón que se trataba dun rogo e invita ao grupo político do BNG a facer uso do seu dereito a presentar un recurso de reposición que despois resolverá dentro do prazo establecido a secretaria municipal en tempo e forma e, se se resolve que se trata dunha moción, incluírase na seguinte sesión.

Segue coa súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que na xunta de voceiros o secretario xeral accidental xa dixo que as dúas cuestións que recolle a moción son cuestións de competencia plenaria e anuncia que no punto de mocións urxentes o seu grupo solicitará que se inclúa a dita moción.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións de datas vinte e sete de maio de dous mil vinte e un, vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un e vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións de datas vinte e sete de maio de dous mil vinte e un, vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un e vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un.

2.- PROPOSTA SOBRE CESAMENTO E NOMEAMENTO DE MEMBRO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL NO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, Educación e Medio rural de data trece de setembro de dous mil vinte e un (código de documento UED15I002R), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural de data vinte e tres de setembro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA CESAMENTO E NOMEAMENTO DE MEMBRO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

Segundo o recollido no artigo 16.b da Lei 3/86, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia e no artigo 34.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regula o Consello Escolar de Galicia, os Consellos

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, correspóndelle á corporación municipal nomear a dez membros elixidos entre directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños.

No artigo 3 do Regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, publicado no BOP nº 60 do día 14 de marzo de 2009, establécese que:” Os conselleiros que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesar como representantes dos seus colectivos”.

Por todo isto,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

1.Tomar nota do cesamento como membro do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, por perda da representación que ostentaba como directora de centro público da seguinte persoa:

•Dª Silvia Neira Martínez

2. Nomear como membro do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, de acordo co artigo 3 do seu Regulamento, á seguintes persoa:

Da. Beatriz Pablo Torreiro, nova directora do CRA Culleredo, polo tempo que resta ata completar o mandato.”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural, Sra. Méndez Sánchez quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai apoiar esta proposta pois efectivamente o CRA é un modelo que ten que estar representado no Consello escolar municipal e di que quere aproveitar a ocasión para preguntar se o Consello escolar municipal xa foi convocado este trimestre vendo como están neste momento as reclamacións da comunidade escolar ou se se vai convocar en canto se renove a súa composición tras esta proposta.

Responde a Sra. Méndez Sánchez e di que se convocará tan pronto como sexa posible pois non só hai que cambiar aos membros nomeados pola Corporación senón que tamén se está á espera de que as ANPAs envíen os seus novos representantes xa que houbo cambios nas súas direccións.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, Educación e Medio rural de data trece de setembro de dous mil vinte e un (código de documento UED15I002R), sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO PSdeG-PSOE SOBRE REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO, PARA O SEU DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do PSdeG-PSOE, de data 22 de setembro de 2021, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DE CULLEREDO ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais(Real Decreto 2568/1986), SOBRE A REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO, PARA O SEU DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema. Esta situación viña sendo central no debate da política sanitaria antes da pandemia, problema que os/as profesionais do sistema sanitario afrontaron con tremenda profesionalidade e capacidade de resolución, sen que iso servira para que as ineficiencias na xestión da primaria fosen afrontados con un novo impulso por parte do goberno de Galicia.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor CCAA de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98% (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, na última década Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo perdendo a oportunidade de xerar maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para todo o Estado e, tamén, para Galicia. Esta convocatoria histórica tamén o foi en termos numéricos para medicina familiar e comunitaria e para a pediatría en atención primaria.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non entanto, a concatenación de problemas levou á Consellería a iniciar as reformulacións do modelo de

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria un outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia Consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, que resultou nun proceso enlentecido e confuso, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. A análise titulada Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos. Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:

Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.

Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se plantexa a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademais de permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.

Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximo nivel e non controlados de maneira tan rixida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria.

Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación e dotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.

Estas conclusións, en resumo do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un gran número de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, sometemos a consideración do Pleno as seguintes propostas:

O Concello de Culleredo insta á Xunta de Galicia a iniciar antes do fin de 2021 unha real e decidida reformulación de atención primaria que se fundamente nas seguintes liñas estratéxicas:

1. Persoal:

· Coa incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte. ·

Coa mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do SERGAS que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

2. Estrutura de xestión:

. Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

3. Coordinación de servizos:

. Fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar máis no que pode aportar cada unha delas.

Promovendo a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.

. Ampliando a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a moción que se presenta lle parece bastante escasa e bastante pouco traballada ademais de moi xenérica e sen concretar nada; di que desde o seu grupo van apoiar esta moción porque se trata dunha cuestión que preocupa a todos como é a atención primaria; di que o seu grupo podería ter presentado emendas pero que nese caso trataríase dunha emenda case a totalidade e non porque se quixera quitar nada senón pola necesidade de engadir; di que dado que a proposta é do grupo socialista e non procedendo facer no pleno un relatorio propio, resérvanse a posibilidade de presentar en futuros plenos unha proposta na que se afonde e se profundice máis do que aquí se fai.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non coincide para nada co argumentario presentado polo grupo socialista na moción que se debate aínda que si a van apoiar, solicitando se inclúan na mesma os dous factores que se viu son máis determinantes para unha mellora de calidade na atención primaria que son en primeiro lugar que haxa prazas MIR, e di que a Xunta cubre o 100% das prazas, e en segundo lugar a taxa de reposición para todo o tema da estabilidade que se indica na moción; di que o seu grupo solicita se inclúa na moción por unha parte a solicitude ao Goberno de España dunha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao sistema sanitario e que a Xunta cubra a totalidade das prazas acreditadas e por outra a eliminación dos límites impostos para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.

Intervén a Sra. Figueroa Fuentes e pide que se concreten os puntos nos que consiste a emenda solicitada polo grupo político popular.

Responde a Sra. García Gorostizu e di que os puntos que solicita o grupo político popular que se inclúan na moción son os seguintes:

- Que se aumente o número de prazas MIR e que a Xunta se comprometa a cubrir o 100%.

- Esixir ao Goberno de España que cumpra cos acordos do pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.

Di a Sra. García Gorostizu que o que o seu grupo pide é unha demanda que os grupos socialistas reclamaban desde fai tempo e que agora que levan tres anos gobernando poderían levar a cabo.

Responde a Sra. Figueroa Fuentes e di que respecto da taxa de reposición derivada da comentada "Lei Montoro" están totalmente de acordo en que nalgúns sectores non pode ser tan restrictiva e di que o equipo de goberno non ve inconveniente ningún en aceptar as dúas propostas do grupo político popular.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo político do PSdeG-PSOE, de data 22 de setembro de 2021, coas emendas propostas polo grupo político popular, resultando aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo quedando redactada a parte que recolle as propostas que se fan do seguinte xeito:

"Polo exposto, sometemos a consideración do Pleno as seguintes propostas:

Primeira.- O Concello de Culleredo insta á Xunta de Galicia a iniciar antes do fin de 2021 unha real e decidida reformulación de atención primaria que se fundamente nas seguintes liñas estratéxicas:

1. Persoal:

· Coa incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte. ·

· Coa mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do SERGAS que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.

2. Estrutura de xestión:

· Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

3. Coordinación de servizos:

· Fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundar máis no que pode aportar cada unha delas.

· Promovendo a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.

· Ampliando a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.

Segunda.- Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao sistema sanitario e solicitar á Xunta de Galicia que cubra a totalidade das prazas acreditadas.

Terceira.- Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.”

4.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 26 DE XULLO DE 2021 SOBRE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TRABALLADORA SOCIAL DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 26 de xullo de 2021 sobre convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de traballadora social de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición do Concello de Culleredo.

5.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 16 DE AGOSTO DE 2021 SOBRE PROPOSTA RELATIVA Á CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 10 PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA QUE SE INTEGRARÁN NO SERVIZO “CULLEREDO SOCIAL VIII” (8 PEÓNS E 2 CONSERXES).

A Presidencia dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16 de agosto de 2021 sobre proposta relativa á contratación temporal de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga que se integrarán no servizo “Culleredo Social VIII” (8 peóns e 2 conserxes).

C.I.F. P-1503100-H

6.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 330 resolucións numeradas da 1348 á 1677 do ano 2021, que se relacionan deseguido:

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1348 | 21/07/2021 | Orde de cese inmediato das celebracións con música na parcela "La Fidalga" situada na rúa Brea núm. 11 da parroquia de Sésamo, que se están a realizar sen o título habilitante exixible. | |
| 1349 | 21/07/2021 | Orde de cese inmediato da actividade de alugueiro turístico da vivenda situada na rúa Souto de Cornedo (Casa Sabela) que se está a desenvolver sen o título habilitante exixible. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1350 | 21/07/2021 | Aprobación dos recibos de liquidación da seguridade social (RLC) correspondentes ás nóminas dos empregados públicos así como as reclamacións de débeda en período voluntario de deducións indebidas por IT deste Concello. | |
| 1351 | 22/07/2021 | Incoación procedemento para declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa de obra para colocación dun peche medianeiro e na fronte da Rúa Vixía da parroquia de Culleredo, que achegou J.F.G. | |
| 1352 | 22/07/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 23-07-2021. | |
| 1353 | 22/07/2021 | Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2021/118, por importe total de 83.399,86€. | |
| 1354 | 22/07/2021 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 11023/2021 e un máis. | |
| 1355 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1356 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1357 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1358 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1359 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1360 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1361 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1362 | 23/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de habitantes e audiencia ao interesado para que acredite o seu domicilio no municipio. | |
| 1363 | 23/07/2021 | Declaración do desestímulo da solicitude do servizo municipal de Axuda no Fogar de M.C.M. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1364 | 23/07/2021 | Aprobación certificación núm. 1 "Proyecto básico y de ejecución de reforma de semisótano de centro cívico para uso como zona cultural emplazado en la Avda. de Fonteculler, Concello de Culleredo" a IAM Rumbo Instalaciones y Obras SL por importe 30.964,70€ | |
| 1365 | 23/07/2021 | Aprobación cancelación aval constituído por SYR-AMG, SL por importe de 6.983,55 € en concepto de garantía definitiva do contrato: "Red ciclista del área metropolitana da Coruña, Concello de Culleredo". | |
| 1366 | 23/07/2021 | Recoñecemento da obriga e orde do pago da factura operación 220210007890 por importe de 1.525,14€. | |
| 1367 | 23/07/2021 | Modificación da resolución 1021 do 02/06/2020 da concelleira delegada de Urbanismo no apartado de Características (altura), en relación á licenza municipal a Roterm SL para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Juana Capdevielle. | |
| 1368 | 23/07/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26-07-2021. | |
| 1369 | 26/07/2021 | Aprobación do proxecto técnico para a obra "Renovación de césped en el campo de fútbol de A Lavandeira, O Burgo" co seu presuposto que ascende a 188.554,07€ IVE engadido. | |
| 1370 | 26/07/2021 | Aprobación do proxecto técnico para a obra "Renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa-Concello de Culleredo" co seu presuposto que ascende a 318.162,78€ IVE engadido. | |
| 1371 | 26/07/2021 | Incoación expediente de reposición da legalidade derivado da execución das obras sen o título habilitante exigible nunha parcela situada en Orro por obras que consisten na ampliación dun local coa construción dunha terraza cuberta. | |
| 1372 | 26/07/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 29-07-2021. | |
| 1373 | 26/07/2021 | Concesión bonificación, por familia numerosa taxa distribución auga, do 50% sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a S.E.R. con efectos do 01/07/2021. | |
| 1374 | 26/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato para a execución do subministro denominado "Mellora das coleccións bibliográficas nas bibliotecas municipais". | |
| 1375 | 26/07/2021 | Incoación expediente a J.J.B.B. representante de Pizzas Sigrás SL, para retirada da terraza do local denominado "Caprice" situado na Costa da Lonxa, parroquia do Burgo, por carecer de licenza municipal. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1376 | 26/07/2021 | Informe favorable á autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca TOYOTA COROLLA, matrícula 0655-LRP de 5 prazas, en substitución do vehículo 0666-JMS, a R.F.C. | |
| 1377 | 26/07/2021 | Levantamento reparo Intervención Xeral e avocación competencia aprobación, disposición e recoñecemento gastos e orde pagos relacionados certificación núm. 1 Restitución de la ribera del cauce del río Trabe en O Burgo, a favor CANARGA SL, importe 54.102,98€. | |
| 1378 | 27/07/2021 | Concesión a E.G.G. da redución da súa xornada de traballo diaria á metade da mesma coa diminución das retribucións que corresponda dende o 22 de setembro de 2021 ata o 20 de maio de 2022. | |
| 1379 | 27/07/2021 | Imposibilidade expedición certificación de inexistencia expediente de reposición da legalidade urbanística, no inmovible situado no lugar de Fornos parroquia de Sueiro, solicitada por J.M.L. | |
| 1380 | 27/07/2021 | Incoación expediente de reposición da legalidade derivado da execución das obras de colocación dunha cubrición dun porteiro automático ou timbre sen o título habilitante exigible na parcela situada na rúa Laxe, parroquia de Rutis. | |
| 1381 | 27/07/2021 | Aprobación das nóminas dos empregados públicos do Concello correspondentes ao mes de xullo de 2021 por importe neto de 318.604,92 €. | |
| 1382 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de R.R.P. e máis. | |
| 1383 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.R.L.L. e A.L.B.F.D. | |
| 1384 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de J.G.L. | |
| 1385 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.I.L.F. | |
| 1386 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de O.F.M. e B.D. | |
| 1387 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de A.D.F.D. | |
| 1388 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de M.S.C. e O.J.F. | |
| 1389 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de O.S.A.M. e L.A.B. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1390 | 28/07/2021 | Inicio dos trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes de N.I.C.B. e máis. | |
| 1391 | 28/07/2021 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña no PROCEDIMENTO ABREVIADO 172/2021. | |
| 1392 | 28/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención Xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato "Redacción dos pregos de prescricións técnicas necesarios para proceder á contratación do servizo de comunicacións do Concello". | |
| 1393 | 28/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención Xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato do subministro "Adquisición dun sistema de almacenamento NAS". | |
| 1394 | 28/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo Intervención Xeral e avocación competencia adxudicación contrato "Asistencia técnica para a redacción dos pregos técnicos para a licitación da Creación dunha rede de nodos de acceso dixital para o Concello de Culleredo". | |
| 1395 | 28/07/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2021 (68,32€) a J.G.M. | |
| 1396 | 28/07/2021 | Concesión a A.G.B. dunha axuda económica pago recibo auga 4º trimestre 2020 (74,64€) e 1º trimestre 2021 (99,30€) e máis recibos. | |
| 1397 | 28/07/2021 | Concesión a M.S.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1398 | 28/07/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.R.B. dos recibos de luz dos meses de abril, maio, xuño e xullo 2021 e do 2º trimestre de auga de 2021, por importe total 150,03€ | |
| 1399 | 28/07/2021 | Concesión a O.C.W.B dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 679€ e máis recibos. | |
| 1400 | 28/07/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.R.M. do recibo de electricidade do mes de xullo de 2021 (24,68€) e do recibo de auga do 2º trimestre 2021 (58,69€). | |
| 1401 | 28/07/2021 | Concesión a L.F.O.M. dunha axuda económica para pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1402 | 28/07/2021 | Aprobación expediente xeración de crédito para financiar a contratación de oito peóns e dous conserxes para a realización do proxecto Culleredo Social VIII por importe de 115.497,54€. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1403 | 28/07/2021 | Aprobación certificación núm. 1 proxecto "Renovación red alumbrado con tecnología LED y sistemas de telegestión en Avda. Coruña, Avda. Galicia, Costa da Lonxa e Alexandre Bóveda", adxudicatario Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL, importe 16.159,74€. | |
| 1404 | 28/07/2021 | Aprobación certificación núm. 1 proxecto "Renovación de la red municipal de alumbrado con tecnología LED y sistema de telegestión en Avda. Acea de Ama, adxudicatario Instalaciones Eléctricas Coruñesas SL, importe 12.225,85€. | |
| 1405 | 28/07/2021 | Aprobación certificación núm. 1 proxecto "Renovación red municipal de alumbrado con tecnología LED y sistema de telegestión en Avda. Xoan Carlos I", adxudicatario Instalaciones Eléctricas Coruñesas, importe de 13.455,67€. | |
| 1406 | 28/07/2021 | Aprobación dun expediente de xeración de crédito por importe total de 513.198,58€. | |
| 1407 | 28/07/2021 | Aprobación do proxecto técnico para obra "Renovación dun vial en Castelo (VP-494)" cun presuposto de 43.453,41€. | |
| 1408 | 28/07/2021 | Aprobación do proxecto técnico para obra "Renovación dun vial en Vinseira Pequena (VP-357)" cun presuposto de 42.033,57€. | |
| 1409 | 28/07/2021 | Concesión a E.C.G e J.S.C do Xantar na Casa para os sete días da semana. | |
| 1410 | 28/07/2021 | Concesión a E.M.C e J.B.C do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de 3 e 2 horas á semana respectivamente e concesión a E.M.C. do servizo de teleasistencia domiciliaria como titular e a J.B.C. como usuario sen unidade de control remoto. | |
| 1411 | 28/07/2021 | Concesión a R.T.F. do servizo municipal de Teleasistencia Domiciliaria. | |
| 1412 | 28/07/2021 | Delegación das funcións da Alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a María Guadalupe Pombo Carril, o día 29 de xullo de 2021. | |
| 1413 | 28/07/2021 | Inicio novo expediente sancionador de tráfico. Expte. 11755/2021. | |
| 1414 | 28/07/2021 | Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expte. 12274/2021 e máis. | |
| 1415 | 29/07/2021 | Concesión a L.A.B.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 19/07/2023. | |
| 1416 | 29/07/2021 | Concesión a M.J.P.G. da ampliación do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1417 | 29/07/2021 | Autorización a A.G.M. do aprazamento do pase á situación de segunda actividade e, polo tanto, da prórroga no servizo activo ata o día 6 de setembro de 2022. | |
| 1418 | 29/07/2021 | Concesión a Y.C.C.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1419 | 29/07/2021 | Persoamento en nome do Concello de Culleredo como prexudicado ante o Xulgado de Menores núm. 1 da Coruña no EXPEDIENTE DE REFORMA 135/2021. | |
| 1420 | 29/07/2021 | Aprobación dos recibos de liquidación da seguridade social (RLC) correspondentes ás nóminas dos empregados públicos do Concello que se indican. | |
| 1421 | 29/07/2021 | Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 02-08-2021. | |
| 1422 | 29/07/2021 | Delegación na concelleira da Corporación, D. ^a Yessica Méndez Sánchez do exercicio da competencia para celebración do matrimonio civil entre V.E.F. e E.F.A.M. o día 31 de xullo de 2021 ás 12.00 horas. | |
| 1423 | 29/07/2021 | Delegación na concelleira da Corporación, D. ^a Yessica Méndez Sánchez do exercicio da competencia para celebración do matrimonio civil entre L.T.P. e O.V.B. o día 2 de agosto de 2021 ás 12.00 horas. | |
| 1424 | 30/07/2021 | Corrección erro na resolución 1179/2021, relativa á concesión a R.S.F. do servizo municipal de axuda a domicilio. | |
| 1425 | 30/07/2021 | Concesión a R.C.P. dunha axuda económica para pago de fianza inicial e pago alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1426 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para a adxudicación do contrato de subministro "Aluguer de dúas furgonetas de 5 prazas." | |
| 1427 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adxudicación do contrato de subministro "Materiais para desenvolvemento de actividades da brigada Culleredo Social VIII". | |
| 1428 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adxudicación do contrato de servizo "Arranxo desbrozadoras, cortacéspedes, motoserras e hidrolimpiadoras programa brigada Culleredo social VIII". | |
| 1429 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adxudicación contrato de subministro "Roupa de traballo para desenvolvemento actividades da brigada Culleredo Social VIII". | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1430 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo Intervención e avocación competencia adjudicación contrato suministro "Aluguer de andamio con catro patas, catro cruceiras, oito patas e catro tablóns para un período de nove meses programa brigada Culleredo social VIII". | |
| 1431 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adjudicación do contrato de suministro "Doce servizos de contedores de mezcla/outros residuos de 7m3 programa brigada Culleredo social VIII". | |
| 1432 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adjudicación do contrato de servizo "Cinco recollidas de maleza con camión guindastre e desprazamento a planta biomasa. Proxecto CULLEREDO SOCIAL VIII". | |
| 1433 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adjudicación do contrato de suministro "Equipacións de traballo Obradoiro dual de emprego Rehabilitación Casa Peóns Camiñeiros". | |
| 1434 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adjudicación do contrato de suministro "Aluguer de dezaoito servizos de contedores de mezcla/outros residuos 7m3 e servizo de retirada". | |
| 1435 | 30/07/2021 | Levantamento reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para adjudicación do contrato de servizo "Mantemento da maquinaria de albanería e carpintería Obradoiro dual de emprego Rehabilitación Casa Peóns Camiñeiros". | |
| 1436 | 30/07/2021 | Imposibilidade expedición certificación de non incoación expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible con referencia catastral 15031A049002640000OA, solicitada por A.L.N. | |
| 1437 | 30/07/2021 | Concesión a S.P.B. dunha axuda económica para o pago da débeda dos recibos de gas dos meses de agosto, outubro e decembro 2020 por importe de 353,59€ e máis recibos. | |
| 1438 | 30/07/2021 | Concesión a A.M.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1129€. | |
| 1439 | 30/07/2021 | Imposibilidade expedición certificación de non incoación expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible con referencia catastral 000304500NH49B0001FT, solicitada por M.R.P.A. | |
| 1440 | 30/07/2021 | Imposibilidade expedición certificación de non incoación expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible con referencia catastral 15031A022001760000OE, solicitada por M.M.E.R. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|--|------------------|
| 1441 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0N) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (I.L.G.) | |
| 1442 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0O) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (B.A.C.) | |
| 1443 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0M) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (N.D.C.) | |
| 1444 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0Q) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (M.F.C.) | |
| 1445 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0R) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (L.C.) | |
| 1446 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0L) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (F.C.) | |
| 1447 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0J) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (J.I.C.B.) | |
| 1448 | 30/07/2021 | Complementación da resolución do 23 de xullo de 2021 (doc URP15I0E0S) engadindo o anexo coa relación da persoa a que se lle vai iniciar os trámites de baixa por inscrición indebida no Padrón de Habitantes do Concello de Culleredo (A.J.) | |
| 1449 | 30/07/2021 | Imposibilidade expedición certificación non incoación expediente de reposición da legalidade urbanística sobre o inmovible con referencia catastral 0439607NH5903N0001XP, solicitada por L.M.V. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1450 | 30/07/2021 | Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago das facturas correspondentes aos bonos de alimentos e hixiene (Provedor: MERCARTABRIA, Importe: 65,35€, Terceiro: M.C.L.V. e máis). | |
| 1451 | 30/07/2021 | Aprobación certificación núm. 2 e última "Proyecto básico y de ejecución de reforma de semisótano de centro cívico para uso como zona cultural emplazado en la Avda. de Fonteculler", a IAM Rumbo Instalaciones y Obras SL por 22.621,47€. | |
| 1452 | 30/07/2021 | Aprobación da certificación final (liquidación) da obra " Pavimentación en la R./ Regueiro" a CANARGA SL por importe de 4.691,68 € | |
| 1453 | 30/07/2021 | Aprobación certificación da liquidación (final) da obra "Renovación de pavimentos nas rúas As Brañas, Jorge Guillén e Avda. De Fonteculler" a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL polo importe de 25.346,25€. | |
| 1454 | 30/07/2021 | Concesión bonificación do 50 % por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m3 a A.F.Y. con efectos do 01/07/2021. | |
| 1455 | 30/07/2021 | Aprobación certificación final (liquidación) da obra "Renovación de camiños e vías municipais" a favor da empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA polo importe de 22.070,80€. | |
| 1456 | 30/07/2021 | Aprobación certificación núm. 1 da obra "Renovación de vías municipales en Boedo (VP-578) y Rumbo (VP-501, VP-502 e VP-359) " a Construcciones Francisco Gomez y Cía SL polo importe de 3.193,36€. | |
| 1457 | 30/07/2021 | Aprobación certificación núm. 2 da obra "Humanización na Avda Ribados" a IAM Rumbo Instalaciones y Obras SL polo importe de 70.009,14€. | |
| 1458 | 30/07/2021 | Aprobación certificación núm. 3 da obra "Renovación de tubaxes de abastecemento nas rúas Marqueses de Almeiras, Pereiros, Penedas, Vigovidín, Alba Clérigo Solé, Choeira, Bo Home e Rafael Dieste" a OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU, importe 104.403,12€. | |
| 1459 | 30/07/2021 | Aprobación da nómina de atrasos da empregada E.G.G. correspondente ao mes de xullo 2021. | |
| 1460 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0117 contra L.M.V. | |
| 1461 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0119 contra D.B.V. | |
| 1462 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0120 contra I.J.R.B. | |

| NÚM. RESOLUCIÓN | DATA | EXTRACTO | PLENO 30-09-2021 |
|-----------------|------------|---|------------------|
| 1463 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0121 contra J.Q. | |
| 1464 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0122 contra J.E.P.S. | |
| 1465 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0124 contra A.R.S. | |
| 1466 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0125 contra J.C.F.V. | |
| 1467 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0126 contra J.F.C. | |
| 1468 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0127 contra S.A.V. | |
| 1469 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0128 contra A.R.L. | |
| 1470 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0129 contra A.O.A. | |
| 1471 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0130 contra C.H.R. | |
| 1472 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0131 contra M.R.G. | |
| 1473 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0132 contra C.M.S.A. | |
| 1474 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0133 contra D.B.V. | |
| 1475 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0134 contra M.A.R.I. | |
| 1476 | 02/08/2021 | Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0135 contra A.C.M. | |
De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que lle sorprende o sentido do voto do equipo de goberno que noutras ocasións votou en contra da urxencia; di que a xunta de voceiros foi a semana pasada e que as demandas da comunidade escolar son xa desde comezos do curso escolar polo que non entende que o Sr. Chouciño Garrido presente no mesmo día do pleno, a última hora, esta moción, sen que haxa tempo nin para lela; di que ela non sabe se é porque desde o Parlamento de Galicia os socios do BNG lle dixeron ao Sr. Chouciño Garrido que presentara algo para que eles o poidan levar despois ao Parlamento pois non entende o motivo de que non se presentara o venres pasado na xunta de voceiros tal como establece o procedemento que se debe seguir; di que na exposición de motivos bota en falta tamén, tendo en conta as conversas que o grupo político popular tivo coas anpas e coas direccións, que non se solicitaron os programas que hai de apoio, tanto o ARCO como MARCO, e se soliciou persoal de atención primaria en vez de solicitar PTs ou ALs; di que o inicio do actual curso escolar foi algo caótico e que o grupo político popular o primeiro que quere é apoiar todas as demandas das familias de Culleredo en aras de que os nenos e nenas teñan o mellor futuro posible.

A continuación fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa-presidenta e di que o equipo de goberno está totalmente de acordo coa moción e que desde o Concello xa se fixeron xestións e reunións coa Consellería para poder resolver estes temas coa maior urxencia posible e ese é o motivo do sentido do voto do seu grupo á hora de votar a urxencia

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

desta moción porque entenden que o curso escolar ten unha data de inicio e unha data de fin e hai que resolvelo canto antes porque todos queren a mellor educación e con garantías para os nenos e nenas do Concello.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a concelleira do grupo político popular na súa intervención falou de socios no Parlamento dos concelleiros do grupo político do BNG de Culleredo e di que eles non teñen socios senón que o que teñen é compañeiros de partido e compañeiros de militancia, cada un coas súas responsabilidades institucionais, e di que non sabe se os concelleiros do grupo político popular de Culleredo denomina aos membros do Parlamento do seu mesmo grupo de socios ou se ás veces os denomina de colaboradores necesarios pois lle parece unha denominación máis adecuada para entender certos comportamentos; di que a voceira do grupo político popular na súa intervención preguntou se se ía levar ao Parlamento esta moción e indica que por suporto que o grupo político popular vai levar este tipo de propostas a todas as institucións nas que o BNG poida obter algunha utilidade para o Concello de Culleredo e que sempre o fixeron así e o van seguir facendo.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e, respecto ao comentario da Sra. García Gorostizu sobre que non lle ve a urxencia a moción que presenta o BNG e que a puideron presentar na pasada xunta de voceiros, di que xa dixo noutras ocasións que os concelleiros da oposición non teñen dedicación exclusiva e que a súa vida non depende nin está dedicada en exclusiva á vida política municipal e que tanto os concelleiros do BNG, como os de Alternativa e cre que tamén os concelleiros do Partido Popular teñen o seu traballo e que os ritmos que seguen ás veces non son os que eles mesmos desexarían pero a demanda crecente é palpable e pregunta cando a voceira do grupo político popular consideraría a urxencia desta cuestión e se quizáis sería o último día do curso; di que nin á comunidade educativa de Culleredo nin ao BNG lles colle de sorpresa esta cuestión pois é recorrente pois parece premeditado que todos os anos se probe a quitar para ver ata onde chega a reclamación e o momento en que non queda máis remedio que ceder, parecendo que en educación serve todo; di que por todo o exposto si que procede a urxencia é que é unha vía totalmente válida e un punto obrigado en todas as convocatorias dos plenos municipais ordinarios; di que a Sra. García Gorostizu dixo, e pide que o corrixa se non é así, que ao seu grupo lle chegou información de que non se solicitou polas direccións o persoal que están reclamando, parecendo que o grupo político popular ten como unha correa de transmisión de documentación á que non teñen acceso outros grupos, e pide que se está equivocado llo faga saber pois considera que as direccións dos centros estarán ben disgustados con este enunciado; di que a Sra. García Gorostizu dixo que o inicio do curso está sendo algo caótico e el insiste en que en Culleredo todos os inicios de cursos son un pouco caóticos malia unha Xunta de Galicia do Partido Popular que non é que chegara antonte pois leva moito tempo polo que non se pode definir como novatada nin como carencia de traxectoria polo que procede que se declare a urxencia e se manifeste un apoio expreso non deixando á comunidade escolar defendendo en solitario o que é para todos porque hoxe é por eles é mañá polos demais.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 30 de setembro de dous mil vinte e un, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que como ben sabe o equipo de goberno, o pasado día 13 de setembro houbo problemas na zona do ferrocarril do Burgo, quedando dita zona anegada por fortes choivas ocasionando graves danos a establecementos e vivendas, acontecendo o mesmo o pasado venres, 24 de setembro; di que ao seu grupo lle gustaría saber que medidas ten pensado realizar o Concello de Culleredo ante dita situación porque xa van dúas veces ao longo do mes de setembro.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que vai preguntar se se adoptaron algunhas medidas ou se ten pensado adoptalas e que lle responderá no seguinte pleno por escrito.

A continuación o Sr. Mourelle Botana di que ao seu grupo lle gustaría saber cando teñen pensado contestar desde Alcaldía o escrito que o seu grupo presentou solicitando información referente ao "Morriña festival" .

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que tamén o vai consultar porque pensa que se está a elaborar o informe e unha vez que estea listo darase traslado a esa petición que o grupo político Alternativa dos Vexiños fixo por escrito.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que como lembrarán ou como se pode ver na acta da sesión plenaria do pasado 5 de maio na canle de youtube do Concello, un veciños presentou un escrito á Alcaldía e a todos os grupos da Corporación municipal no que relatava unha serie de irregularidades no servizo de asistencia a domicilio prestado polo Concello, non podendo dicir pola empresa contratada polo Concello porque esa empresa presta ese servizo sen contrato; di que dito veciño recibiu unha resposta por parte do alcalde que máis que esclarecer as dúbidas que presentaba e as condicións nas que se presta o servizo, o único que fai é abrir moitas máis dúbidas e que, como di dita persoa no seu escrito, se antes o malestar era coa empresa que prestaba ese servizo, agora o é tamén coa actitude do Concello, do que o Sr. alcalde é o máximo responsable, e coa concelleira de Servizos Sociais, dona Lupe Pombo, indicando noutro extracto que o equipo de goberno pon en dúbida todo o que a familia expuxo pois no escrito que recibiron o goberno municipal di que se usaban os EPIs, enumerándoos incluso, detallando o uso de pantallas faciais, máscarillas FFP2 e batas, sen que foran usadas, estando a falar do servizo durante a pandemia que no seu caso, como relatou no seu escrito, tivo consecuencias fatais para un membro da súa familia.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que o goberno municipal lle remite a dita familia un protocolo Covid, redactado por una consultora de prevención de riscos laborais para a empresa que presta o servizo, A0 Maiores, e que non ten nin sinatura nin selo de recepción da empresa, nin data de recepción, nin ningún documento que probe que fose entregado ás traballadoras ou no que a empresa se responsabilizara da entrega a ditas traballadoras; di que no seu primeiro escrito esta persoa reclamaba documentación referente á contratación da traballadora e o goberno municipal dá a calada por resposta sen facer referencia a posibles sancións á dita empresa, A0 Maiores, das que fala o veciño no seu escrito e sobre as que polo menos o goberno municipal debería investigar dado que podería derivar na imposibilidade de dita empresa para contratar con calquera administración pública; di que o seu grupo non está a pedir un imposible ou unha investigación detectivesca ou policital pois abonda con facer unha pequena consulta para comezar a obter respostas nas que constan varias sancións por faltas graves, sancións firmes contra dita empresa; di que o goberno municipal, falando só dos anos 2019 e 2020, lle pagaron máis de 1.300.000 euros de xeito irregular, sendo a cantidade exacta de 1.329.556,54 euros, de xeito irregular, sen contrato, e o equipo de goberno envían a resposta antedita sen que se comunique a apertura de ningún expediente informativo nin basearse en ningún informe técnico, sen mover un só dedo para esclarecer o relato do veciño referido, con fatais consecuencias para a súa familia, nin para implantar mellora algunha nese servizo; di que as preguntas son moitas perp moi claras e que a alcaldesa-presidenta en funcións, como concelleira responsable de dito servizo, poderá responder a todas elas, pasando a continuación a relacionar as que se transcriben a continuación:

- Que lles impide sacar a licitación este servizo, sen contrato desde 2017?
- A que agardan para sacar a licitación este servizo?
- Por que razón non se respondeu á demanda de documentación sobre a contratación da empresa A0 Maiores a este veciño que así a solicitaba?

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

- Por que manteñen a esta empresa no servizo de asistencia domiciliaria sabendo que conta con sancións firmes por parte da Consellería de Sanidade, da Consellería de Política Social e do Instituto Galego do Consumo e da Competencia?

Responde a Sra. Alcaldesa en funcións e di que na sesión plenaria á que fixo referencia o Sr. Méndez Mosquera xa deu a súa resposta e que sesgar a información non xera máis que inseguridade; di que hai un informe técnico no que se basea a súa resposta e que se xuntan non só os protocolos da dita empresa senón todos os protocolos da Xunta de Galicia que son os que había que poñer en funcionamento e cumprir tanto a empresa coma os servizos sociais; di que con respecto á licitación do contrato a ela non lle corresponde responder a esa pregunta pois é un tema de contratación.

O Sr. Méndez Mosquera indica que na sesión se atopa presente a concelleira delegada do servizo de contratación.

Fai uso da palabra a Sra. Alcaldesa en funcións e invita á concelleira delegada de dito servizo a dar unha resposta se nese momento conta coa información pertinente.

Intervén a continuación a Sra. Iglesias Becerra e di que os pregos están no servizo de Contratación e que o servizo sacárase a contratación o máis pronto posible, continuándose de momento coa empresa que xa estaba a prestar o servizo de axuda a domicilio.

De seguido o Sr. Méndez Mosquera intervén e di que reitera a súa pregunta de por que manteñen a empresa da que se fala sen que teña contrato a pesares de saber que conta con sancións graves, firmes, por parte de varias consellerías e institucións autonómicas; di que tampouco entende por que cando o veciño solicitou información sobre a contratación de dita empresa non se lle achega; di que dicir que desde o 2017 levan os pregos de contratación en trámite non dá para falar máis pois cinco anos para sacar a licitación un servizo de asistencia domiciliaria porque se sabe perfectamente cando remata un contrato, non o fan por sorpresa, polo que non hai excusa; di que se está a falar dunha empresa que non só ten faltas graves por parte da Administración senón que noutros tempos o propio Concello de Culleredo denunciaba irregularidades na administración de centros públicos por parte de dita empresa polo que, se o equipo de goberno fala de transparencia, á veciñanza que solicita documentación lla deberían facer chegar.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que ten outra pregunta, incidindo nun tema do que falou xa o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, porque en múltiples ocasións, e previamente ao seu inicio, o seu grupo solicitou acceso ao expediente referente á licenza para celebración do "Morriña festival" que tivo lugar o pasado mes e ao que tiveron acceso única e exclusivamente os días 17 e 18 de agosto cando os concertos comezaban un día máis tarde; di que ao seu grupo lle sorprendeu non atopar a licenza asinada polo alcalde que debería constar no expediente nin o permiso por parte da Demarcación de Costas, entidade titular dos terreos, ambos documentos de vital importancia para autorizar a celebración do evento e aínda así, o día 20 de agosto o seu grupo solicitou que se lle dera traslado da resolución de licenza de actividade para a celebración do festival así como as condicións do patrocinio municipal que tamén se solicitaron e ás que non tiveron acceso, non obtendo resposta a este último escrito; di que o seu grupo solicitou que se mantivera o acceso ao expediente para poder ter acceso á evolución da tramitación e aínda non tiveron acceso, novas mostras da "transparencia" coa que o equipo de goberno goberna e coa que entenden a súa autoridade; di que a día de hoxe seguen sen ter coñecemento de se dito festival se celebrou de xeito legal nin de cales foron as condicións do patrocinio do Concello de Culleredo.

O Sr. Méndez Mosquera pregunta ao equipo e goberno se podería aclarar se consta licenza de actividade previa ao inicio do festival que autorizara a súa celebración, se consta no expediente autorización da Demarcación de Costas para celebrar o festival no emprazamento no que tivo lugar, cales foron as condicións para o patrocinio do dito evento por parte do Concello.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

Responde a Sra. Alcadesa en funcións e di que nese momento non ten acceso a toda a información que solicita o Sr. Méndez Mosquera, engadindo que se lle deu acceso a ese expediente e pode solicitar novo acceso para comprobar todas as circunstancias que menciona.

Intervén de seguido novamente o Sr. Méndez Mosquera e pide que se lle dea acceso por segunda vez ao expediente tal como teñen solicitado dado que non pode contestar ás preguntas que fixo que el considera son moi básicas.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quere achegar o seu grupo é que veciños da rúa Río da Coba e Voces Ceibes teñen remitido ao BNG os escritos que presentaron ao Concello nos que, curiosamente, fan referencia a escritos que se remontan a 2019, 2018 e mesmo a un do 2007, pedindo que se faga un tratamento da biomasa que hai en toda a costa que leva ás casas de máis arriba unha vez que un se mete por Vilaboa e sobe cara á Zapateira en zig-zag e todo ese espazo que hai en zig-zag entre a estrada que sobe está cheo de eucaliptos asilveirados, unha situación que mete medo porque se alí prendera o lume sería unha garganta imparable, pedíndolle a todos os membros da Corporación que pasen por dita zona para ver como viven moitos veciños; di que houbo sorte e pasouse un verán bastante húmido, sen que pasara nada, pero non se trata de cruzar os dedos ou poñerse a rezar para que non ocorra nada, levando anos xa a xente que alí vive solicitando por escrito o tratamento da biomasa que hai, polo que solicita ao equipo de goberno que cumpra a lei, atendan o requirimento da Consellería do Medio Rural que lle pediu ao Concello de Culleredo que actuara na zona ou, no caso de considerarse incompetente para iso, llo fixera saber para proceder a propia Xunta; di que é moi curioso como se tramitan os expedientes en Culleredo e pon como exemplo o comentado pola concelleira de Contratación na súa intervención sobre que están traballando nun expediente do 2017, levando catro anos preparando un expediente de licitación como se foran ser eternos cando os mandatos son de catro anos polo que este debería ser o prazo no que o equipo de goberno encauzara os problemas de Culleredo e non permitir que estos duren décadas, volvendo a continuación á situación da que estaba falando e dicindo que os eucaliptos referidos, atopados no medio das casas dos veciños, non naceron onte e que non hai máis que medir o seu diámetro, e pregunta cando o Concello pensa requirir aos propietarios das parcelas nas que se atopan ditos eucaliptos para que fagan o tratamento da biomasa e cando lle vai contestar á veciñanza que fai estes requirimentos pois supón unha falta grande de respecto nin sequera contestar aos veciños e veciñas que solicitan que se solucionen os seus problemas que son tamén colectivos.

C.I.F. P-1503100-H

Responde a Sra. Alcadesa-presidenta e di que a mesma pregunta cre que a presentou a Sra. Mosquera na comisión informativa e que ela lle deu traslado ao servizo de Medioambiente para que contesten e digan o que hai que facer.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido pregúntalle á Sra. Alcadesa-presidenta se se está dando conta da resposta que vén de dar pois unha semana máis tarde seguen sen saber a resposta á pregunta feita na comisión, dando a entender que ao equipo de goberno non lle preocupa que haxa xente que vexa un perigo de incendio máis que probable nun rueiro de Culleredo tal como expuxeron nos escritos presentados no rexistro municipal insistindo en cada un dos escritos presentados en anos anteriores; di que o Sr. concelleiro de Medioambiente atópase no salón e poderá, el ou calquera outro membro do goberno municipal, levantar a man e explicarlle aos veciños e veciñas de Culleredo, que moitos deles están escoitando, o que sucede, se hai problemas ou se se está en marcha para solucionarlos, porque o que se dá a entender no pleno é que o equipo de goberno entérase deste problema pola pregunta do BNG na comisión e no pleno.

Responde a Sra. Alcadesa-presidenta e di que a pregunta que fai o Sr. Chouciño fíxose tamén na comisión informativa do pasado xoves, dándose traslado dela ese mesmo día ao servizo e o concelleiro delegado pediu informe aos técnicos para ver a viabilidade legal que hai para facer o que se pide polo que no momento en que se actúe conforme ao indicado polos técnicos, comunicárase.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

C.I.F. P-1503100-H

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que ten tamén outra cuestión que é respecto dunha noticia de prensa que saiu no mes de agosto que dicía que o goberno municipal sería inflexible cos locais que estiveran sen licenza en Culleredo e di que ao seu grupo lle gustaría verificar isto porque nas resolucións da Alcaldía das que se dá conta nun punto anterior, vese que hai resolucións respecto de tres locais que hai en Sésamo, non vendo resolución ningunha respecto dos locais que hai en Anxo Senra, mencionado na dita noticia, entendendo que na rúa Anxo Senra, onde hai dous locais con continuas reclamacións dos veciños desde hai anos, non se fixo nada; di que, centrándose nas de Sésamo, chama a atención que os procedementos se inicien por comunicación da Policía Local en dous deles, un no 2019 e outro no 2018, polo que, un procedemento dunha actividade que carece de licenza, da que di que lle consta que hai moitas chamadas á Policía Local requirindo atención por molestias, incumprimento de horario, etc, ten un recorrido de anos, e noutras resolucións da Alcaldía das que se dá conta tamén este mes, pódese ver como cuestións ben pequenas como que un timbre estea cuberto cun telladiño que non é conforme ao ordenamento ou un pequeno peche, resólvense en pouco máis de tres meses; di que é incomprendible que haxa esta dobre vara de medir e pensa que os funcionarios fan o seu traballo pero que de onde non saen as cousas é de quen ten que asinar as resolucións, que é ou ben o alcalde ou ben a concelleira delegada; di que indo á terceira instalación que hai en Sésamo, que é unha instalación hípica, cúmprense os peores presaxios que os veciños lle trasladan ao BNG porque parece ser que o titular desa instalación hípica anda presumindo de que non lle van poder cerrar porque en ningún momento lle comunicaron a ineficacia da comunicación previa para ter a actividade e que caducaron dous procedementos de reposición da legalidade e pregunta como pode ser que caduquen dous procedementos de reposición de legalidade e iniciar un terceiro; di que na resolución hai un parágrafo que parece redactado para non deixalo claro que di que no expediente constan dous procedementos de reposición de legalidade caducados e unha declaración de ineficacia da comunicación previa, e pregunta que pasou e se está no expediente e non se comunicou porque a evidencia é que a actividade segue desenvolvéndose e parece ser que houbo un recurso diante do contencioso-administrativo e que se paralizou a orde de peche que se deu; di que se está a falar dunha actividade sobre a que houbo unha resolución do contencioso-administrativo no ano 2016, tendo que seguir no 2021 coa mesma cuestión e, polo que se ve, sen trazas de éxito, medindo o éxito en que se cumpra a legalidade, a mesma legalidade coa que cumpren outros veciños que piden unha licenza e, cando non serve a comunicación previa, esperan por ela ata dous anos para establecer un negocio e di que o cita non porque sexa o parámetro de facer as cousas ben senón porque é a referencia de que en Culleredo hai xente que ten unha actividade non legalizada, e polo que se ve non legalizable, e non pasa nada, e a quen quere facer as cousas ben non lle queda outra que agardar a que a alguén se lle ocorra resolver a licenza, sendo incomprendible esta dobre vara de medir e solicita explicación de que está sucedendo con esa instalación e que pasos se van dar, debendo o equipo de goberno asumir o compromiso de que a citada instalación, ilegal, vai ser precintada e paralizada a súa actividade, e que o titular da instalación, se quere exercer a actividade, que o faga nun lugar onde poida facelo e non onde non pode, coas molestias conseguíntes á veciñanza.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Urbanismo, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que como ben dixo o Sr. Chouciño na súa intervención, a maioría das persoas, cando se lles comunica unha orde de cese de actividade, ou cando se lles di que unha comunicación non conta con toda a documentación necesaria e polo tanto non poden levar a cabo a actividade, cesan no seu empeño pero neste caso estase ante unha persoa, Manuel Pato, que sabe que está exercendo unha actividade que é ilegal por non contar cun título habilitante para facelo, e que según os informes municipais é ilegalizable, e utiliza todos os recursos que o Estado de dereito pon ao seu alcance, tanto administrativos como xudiciais, co único obxectivo de continuar exercendo dita actividade ilegal; di que toda vez que hai unha orde de cese de actividade que é executiva que foi ditada por un xulgado do contencioso e posteriormente ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, abriuse un novo expediente de reposición de legalidade ordeando o precinto de dita actividade para garantir o cumprimento do cese de actividade e, ante isto, o titular da actividade, por medio da súa defensa, presentou unhas medidas cautelarisimas e o Xulgado respondeu no mesmo día comunicándolle ao Concello de Culleredo que non entraba no fondo do asunto sobre a orde de cese de actividade, dado que non lle daba tempo a estudar nun momento tan concreto e con esa urxencia o cese de actividade, e posteriormente deulle ao Concello un prazo de tres días para alegacións exclusivamente sobre

42 de 47

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

o precinto; di que por auto dese mesmo Xulgado ratificouse, sen entrar a valorar a orde de cese de actividade, se era legal ou ilegal porque iso se decidirá no procedemento que corresponda, que non permitía ao equipo de goberno proceder a esa orde de precinto polo que o que se está a facer é ordear a esa persoa, que xa tivo noutra ocasión unha explotación equina noutra parcela e na que tivo que cesar tamén a súa actividade tras incumprir outra orde de precinto, que cese a súa actividade, incoándose un expediente de reposición de legalidade por carecer de título habilitante que recurriu en reposición e posteriormente no Xulgado do contencioso e máis tarde no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que deu a razón ao Concello indicando que a actividade era ilegal; di que no medio diso o expediente caducou porque transcurriu máis dun ano ata que tiveron a resolución pois o equipo de goberno quixo contar con todas as garantías; di que o cese de actividade é firme e executivo e que, pese a existencia desa orde confirmada xudicialmente, e a pesar de que posteriormente se intentou que se levase a cabo a través da imposición de multas coercitivas, incóase novamente a dita persoa un expediente de reposición de legalidade que non é outra cousa que darlle ao titular da instalación, tal como esixe o Estado de dereito, a oportunidade de alegar contra a orde de precinto, porque a orde de cese da actividade era xa anterior, volvendo dita persoa a acudir aos tribunais e agora, neste procedemento de reposición de legalidade, interpuxo tamén alegacións que hai que responder; di que por moito que o Concello queira ir alí e precintar a instalación e sacar de alí os cabalos e que cese na actividade de forma inmediata non pode seguir cunha orde de actividade ante unha resolución xudicial que o impide, debendo continuar co procedemento e facer todo o necesario para que esta actividade ilegal cese o antes posible.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se utilizou os recursos xudiciais que están a súa disposición é porque hai esa posibilidade e porque existen ocos moi importantes, e pregunta se se comunicou a ineficacia da comunicación previa porque se non se comunicou podería vir arrastrado de aí todo o demáis; di que na resolución da Alcaldía non queda nada claro, parecendo que houbera complicidade para que dita actividade non peche porque non se están a facer as cousas de forma que non queden ocos por onde meterse e pregunta, pedindo que o desmintan se se equivoca, se tería implicacións para os terreos edificables circundantes o caso de que o expediente de peche da actividade chegara a prescribir e se os propietarios de parcelas edificables circundantes poderían ter un problema se o día de mañá queren edificar polo feito de que houbera unha instalación animal próxima a menos dun determinado radio; di que a Lei do solo fala diso e que non se pode esquecer que a instalación da que se fala xa estivo noutro lugar de forma tamén ilegal e que rematou con ameazas ao policía que precintou a instalación, e di que todo isto non é unha opinión persoal senón que está recollido nunha sentenza xudicial e di tamén que esta relación ten un recorrido moi longo de cuestións moi turbulentas xa coa anterior Corporación na que estaban moitos dos que están na actual, e pide que se lle aclare se se notificou a ineficacia da comunicación previa e se, no caso de que o expediente prescribira, ocasionaría problemas de edificación para as parcelas urbanas circundantes.

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que ela na sesión non actúa en calidade de asesora xurídica senón de concelleira e que as preguntas do Sr. Chouciño as tería que facer no servizo de asesoría xurídica do Concello; di que lle parece triste que o Sr. Chouciño Garrido veña dicir ao Pleno que o equipo de goberno ten complicidade co titular da citada explotación equina e indica que non hai complicidade ningunha e que non lembra o momento ao que aludiu o Sr. Chouciño na lexislatura do anterior alcalde; di que nin por parte da concelleira que fala nin por parte do actual equipo de goberno ningunha complicidade senón todo o contrario pois o que se quere é que se cumpra a legalidade e que se o cese da actividade hai que levalo a cabo levarase poñendo todas as medidas que sexan necesarias para iso.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que o seu grupo non viu ningunha resolución sobre unha cuestión da que preguntaron no último pleno, no do mes de xullo, e recorda que non houbo o pleno ordinario correspondente ao mes de agosto nin o pleno extraordinario anunciado para tratar o expediente de incorporación de cinco millóns de remanentes que se lanzou a titulares de xornal e sobre o que non se sabe nada; di que a cuestión sobre a que preguntaron no mes de xullo é sobre que existe unha traballadora municipal sobre a que hai unha sentenza publicada e pública sobre a que recae unha pena de inhabilitación, non vendo nada nas resolucións da Alcaldía de

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

que se procedera ao respecto, solicitando se diga que pasou con este tema xa que no pleno anterior o que se dixo foi que aínda non chegara nin tiñan constancia da sentenza; di que no dito pleno preguntaron ao equipo de goberno se non estaba preocupado por este feito e se non tiñan pensado pedir a sentenza, parecendo agora como se o goberno municipal se atopara cómodo cunha persoa inhabilitada nada menos que na asesoría xurídica.

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira delegada de Persoal, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que tal como explicou o Sr. Chouciño Garrido na súa intervención xa se deu resposta á pregunta feita no pleno anterior e que non houbo ningunha novidade desde aquela pois no Concello non se recibiu notificación ningunha por parte do Xulgado referida a que houbera que executar ou proceder a ningún tipo de sentenza nin de informe en relación á dita traballadora; di que non sabe se o voceiro do BNG quere entrar no legal ou no ético e di que se se entra no legal a situación é que o Concello non tivo constancia por parte do Xulgado e que dita traballadora foi condenada e sentenciada e que no Concello non se van facer xuízos paralelos; di que non sabe cal é a finalidade da pregunta do BNG e lle pide ao Sr. Chouciño Garrido que sexa un pouco máis claro e diga que solicita sobre unha persoa que xa foi xulgada e condenada e sobre a que ao Concello non se lle require por parte do Xulgado nada para que se inhabilite para o seu posto de traballo.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que el pregunta se o equipo de goberno está cómodo cunha persoa inhabilitada nada menos que na asesoría xurídica e pide que se cumpran as sentenzas porque non é normal que se teña unha persoa inhabilitada na plantilla municipal e nada menos que na asesoría xurídica, sendo incompreensible a súa actitude e lle pregunta á Sra. Figueroa Fuentes de que ética lle está a falar e se ela considera ético ter no Concello, na plantilla municipal, a unha persoa inhabilitada por sentenza do Supremo, unha persoa que está cobrando un salario público, e pregunta como están sendo de válidos os actos administrativos desa persoa desde que se sentenciou que está condeada a unha inhabilitación, que tipo de traballo está facendo e que implicacións teñen os seus traballos desde o momento en que está inhabilitada; di que di isto porque non vaia ser que se estean admitindo actos administrativos e que despois haxa un problema con eles e pide ao equipo de goberno que actúe en consecuencia pero non como o están facendo senón como deben facelo porque iso tamén é falar de ética.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o primeiro rogo que quere facer o seu grupo é á concelleira de Educación pois da mesma forma que defende con tanto brío as peticións cando non son competencia do Concello senón da Xunta, roga que tamén lle solicite ao equipo de goberno e ao seu alcalde que asuma todas as competencias que si son do Concello e que faltan por atender nos centros educativos e recorda que no 2019 o seu grupo solicitou unhas becas de comedor que resultaron aprobadas por unanimidade para o comedor xestionado por unha ANPA dun colexio de Culleredo, seguindo os pais deses nenos e nenas agardando por unhas becas do Concello que non chegan; di que o seu grupo recibiu tamén un aviso dun veciño de Tarrío comunicando o mal estado da estrada pola que hai que chegar para levar os nenos ao colexio de Tarrío solicitando se tomen medidas tamén e se poña seguridade para que os nenos que van a ese colexio poidan chegar de maneira segura porque lle chegaron queixas de que a Policía Local non está regulando o tráfico nas entradas e saídas dos colexios.

Responde a Sra. Méndez Sánchez e di que a concelleira de Seguridade Cidadá pode corroborar que hai montado un dispositivo de seguridade tanto nos colexios que teñen obras ao seu arredor como nos que non as teñen e que sempre hai un dispositivo de seguridade.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que ela traslada o que lle fixeron chegar pais e nais dalgún colexio indicando que non estaba acudindo nin a Policía Local nin Protección Civil.

Responde a Sra. Concelleira de Seguridade Cidadá, Sra. Figueroa Fuentes, e di que puido tratarse dun feito puntual e que tomará nota para preguntar pois o habitual é que se cubran todos os colexios ou por parte de patrullas ou por parte de Emerxencias que colaboran nas entradas e saídas de colexios; que puidera ser que nalgún momento

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

puntual xurdira unha urxencia como un accidente ou outra pero iso sería algo puntual pois o habitual é que todos os colexios dispoñan dese dispositivo de seguridade.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo ten tamén outras preguntas e que a primeira é sobre a casa da Corveira pois viuse que por fin, despois de máis dun ano, comezouse a apuntalar para darlle seguridade aos viandantes, sorprendéndolle o comentario que se puido ler na páxina web do Concello botándolle a culpa do retraso a Patrimonio e por iso solicitan información sobre que foi o que se solicitou a Patrimonio e en que datas, recordándolle á señora concelleira que é competencia do Concello darlle seguridade aos viandantes aínda que se trate dun ben protexido e teña propietario; di que son cousas distintas o feito de non facer ningunha actuación na casa e o feito de dotar de seguridade aos viandantes que pasen pola zona.

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que cando o equipo de goberno tivo coñecemento a través da Policía Local da caída de cascotes na rúa ordenouse de forma inmediata o valado da zona con esas vallas que tanto molestaban aos viandantes da zona que estiveron bastante tempo na beirarrúa; di que a partir de aí incoouse un expediente cunha orde de execución de obras no inmovible e inténtase a notificación ao seu propietario; di que se lle ordenou a instalación dun elemento tipo túnel para que puideran pasar as persoas por debaixo del sen ter que acceder á rúa para poder pasar; di que, como esa edificación forma parte dos vestixios do Camiño de Santiago, para calquera actuación que houbera que facer na mesma hai que pedir informe a Patrimonio da Xunta, informe que se solicitou e que se emitiu xa nese momento cunha orde de execución para obras de conservación; di que posteriormente non foi posible a notificación ao titular catastral dese inmovible a pesar de intentalo en reiteradas ocasións e, dado que a situación ía empeorando e se temía pola seguridade das persoas e dos bens por perigo de derrube desa casa, acordouse iniciar un procedemento para a declaración, no seu caso, do estado de ruína do inmovible e ordenouse requirir novamente ao propietario para que executase as medidas de emerxencia imprescindibles para garantir a seguridade dos usuarios da vía pública, informándolle de que, no caso de que non se adoptasen as medidas propostas, procedería a execución subsidiaria por parte do Concello; di que incoado dito procedemento de declaración de ruína fíxose necesario solicitar novamente á Xunta o seu informe, informando favorablemente a declaración de ruína do inmovible citado indicando que as actuacións de emerxencia se limitarían ás obras imprescindibles para garantir a seguridade dos usuarios da vía; di que non sabe se se poderá chegar a demoler o inmovible porque o que informa Patrimonio é que hai que compaxinar a protección do Patrimonio coa seguridade das persoas; di que de momento non se puido conectar co propietario do inmovible e que a resolución foi publicada no Boletín Oficial do Estado, dándose por notificado ao propietario e, neste momento, despois de varios informes de Patrimonio, Asesoría Xurídica, do arquitecto, e demais que foron necesarios no expediente, por fin puidéronse levar a cabo as medidas de emerxencia establecidas polo arquitecto municipal no seu informe para garantir a seguridade dos usuarios da vía.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que ela roga que se nalgún momento volvera pasar o mesmo con outro inmovible do Concello, non se agarde por ningún informe nin resolución de Patrimonio para levar a cabo as actuacións de protección da seguridade, que é competencia municipal, pois só é necesario agardar dito informe no caso de derrube do inmovible.

Responde a Sra. Iglesias Becerra e di que agradece a información dada pola Sra. García Gorostizu e que o equipo de goberno asesórase no servizo de Asesoría Xurídica do Concello que é o que informa do procedemento a seguir.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que o grupo político popular ten tamén outras preguntas que se dirixen ao concelleiro delegado de Obras en relación coas pistas deportivas pois durante todo o verán cinco pistas deportivas estiveron pechadas para os nenos e nenas e que se puido ver a través das redes sociais como se formou un revuelo tremendo; di que as pistas permanecían pechadas aparentando estar rematadas e sen que houbera nelas ningún obreiro traballando e que, no momento en que a veciñanza ameazou cunha manifestación, abríronse aos dous días, polo que o seu grupo solicita información sobre se se cumpriu o prazo de execución de dous meses que tiñan e se

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

vai haber algún tipo de repercusión para a empresa encargada de executalas, que motivos tiña o Concello para seguir coas pistas pechadas unha vez rematadas as obras, por que no momento en que se fala da manifestación as pistas se abren esa mesma semana, se hai acta de recepción das mesmas e se nalgunha das pistas a acta de recepción é negativa.

Responde o concelleiro delegado de Obras, Sr. Liñares Gestal, e di que para abrir as obras ao público é preciso o acto formal de recepción da obra, estando pendente dito acto porque as certificacións de obra correspondentes non foran fiscalizadas pola Intervención xeral do Concello aludindo á acumulación de traballo; di que por estes feitos, unha vez feita a supervisión por parte dos técnicos e visto que se cumpren todas as características esixidas nos pregos, convocouse a súa recepción, acreditando os técnicos municipais e a directora de obra no propio acto de recepción que as actuacións se axustan aos proxectos construtivos polo que se procedeu á súa recepción.

Pregunta a continuación a Sra. García Gorostizu se todas elas teñen acta de recepción positiva.

Responde o Sr. Liñares Gestal e di que, aínda que coa falta de conformidade da Intervención xeral do Concello, as ditas pistas si teñen acta de recepción positiva.

A continuación intervén de novo a Sra. García Gorostizu e di que o seu grupo ten outra pregunta en relación co parque da igrexa de Vilaboa pois se dixo que no mes de xuño que ía ser revisado e pintado polo mal estado no que se atopaba e que se recepcionou coa pintura das pistas xa medio borrada e a punto de comezar o mes de outubro segue sen facerse nada; di que o mesmo coa cuberta de Fonteculler respecto da cal vai máis dun ano que levan agardando polo informe de investigación que se ía levar a cabo.

Responde o concelleiro delegado de Obras, Sr. Liñares Gestal, e di que como xa se comentou en diferentes ocasións, respecto da cuberta do parque das Brañas abriuse un expediente para depurar, de ser o caso, posibles responsabilidades, contratándose en primeiro lugar unha asistencia técnica especializada para realizar un informe técnico que agora están a analizar os técnicos municipais en aras a concluír as posibles actuacións a realizar; di que en relación á pista de Vilaboa estase reclamando á empresa o repintado que xa se reclamou no seu día tanto por parte do Sr. alcalde como por parte da técnico municipal da súa área.

De seguido a Sra. García Gorostizu pregunta polo tempo que hai que seguir agardando e se será outro ano máis, ata que cheguen as seguintes eleccións.

Responde o Sr. Liñares Gestal e di que desde a súa área están todos os días presionando á empresa chamando e enviando correos solicitando que fagan ese repintado.

Pregunta a Sra. García Gorostizu se se está a facer o mesmo co expediente de depuración de responsabilidades.

Responde a Sra. Alcaldesa-presidenta en funcións que xa comentou o Sr. Liñares Gestal respecto do expediente de depuración de responsabilidades que se está pendente da valoración dos técnicos.

A continuación a Sra. García Gorostizu di que o seu grupo ten un rogo pois veciños do parque dos patos de Acea da Ma avisaron de que todo o valado que rodea o parque está a piques de caer polo que solicita que se pase por alí para comprobar o seu estado e proceder coa súa reparación.

Responde a Sra. Alcaldesa-presidenta e di que toma nota do rogo.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere facer unha puntualización sobre unha cuestión que vén de comentar o Sr. Liñares Gestal

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG15I0373 | USG/2021/160 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1Y4P 4004 250S 3A6E 0RAF | |

respecto de que as obras non se poden abrir ao público ata que se teñan recibido e di que o seu grupo o felicita por dito coñecemento e que lle recorda que o grupo político do BNG ten reiteradamente advertido que a escollera do Río Trabe, alí fronte ao campo de fútbol, o pavimento de Residencial A Ría e as baldosas do Paseo Marítimo están sen recibir e están abertas ao público.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario xeral accidental, dou fe.

Vº e prace,

A alcaldesa-presidenta en funcións

(asinado dixitalmente nesta data pola concelleira de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións o día da sesión)

(asinado dixitalmente nesta data polo xefe de Gabinete da Alcaldía que actuou como secretario xeral accidental o día da sesión)

C.I.F. P-1503100-H